

A obscenidade e o sexo na literatura oral centrarán unha xornada en Lugo

► A AELG e AS-PG programaron un foro para o día 24

► Olga Novo e Xosé Miranda figuran entre os participantes

«Unha forma de rebeldía»

Antonio Reigosa apunta que contar de sexo e de escatología «puido ser unha forma de rebeldía contra censuras, tanto dos más cativos contra os adultos como dos sometidos contra os opresores». Ao seu entender, é «un recurso social contra a alienación», ao que se lle suma «o engado do prohibido».

Censura

«A literatura do sexo, tan presente na comunicación oral, forma parte dos asuntos tradicionalmente censurados, social e academicamente», indica o vocal da AELG.

RUTH LÓPEZ

LUGO. Varios escritores debatirán sobre as referencias ao sexo e á obscenidade na literatura na VIII edición da Xornada de Literatura de Tradición Oral que se celebrará en Lugo o próximo día 24.

Antonio Reigosa, vocal de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), asegura que contan «co saber de especialistas na materia que van debater sobre estes temas desde diferentes puntos de vista, así como analizar a súa presenza e supervivencia nos diferentes xéneros da literatura de tradición oral».

O experto engade que a música, a poesía e o conto de tema erótico ou escatológico «forman parte da nosa bagaxe cultural, e só por iso, debemos afrontar o seu estudio con criterios científicos e, a poder ser, episodios de toda clase de preuxízos».

A xornada foi organizada pola sección de literatura oral da AELG e a Asociación SocioPedagóxica Galega (AS-PG), patrocinada pola Deputación de Lugo. No programa aparecen os nomes de Rubén Aramburo —con Mini e Mero para ilustrar musicalmente a súa intervención—, Olga Novo, J. Luis Garrosa, Xosé Miranda, Xoán R. Cuba e Luis Caruncho. Reigosa defende que son «coñecidos especialistas que nos van conducir, sen

pudor nin recato, polo fecundo verxel da literatura oral obscena, porca, verde, colorada ...».

CHISTES. En referencia ao contido da xornada, o vocal de Literatura Oral sinala que os chistes, os ditos ou os recitados sobre órganos sexuais, sexo en xeral ou excrementos «quedan restrinxida a ámbitos de confianza, e poucas veces chegan aos investigadores, e menos ainda a ter difusión impresa». Reigosa destaca que esa materia, pese a ser ignorada, tivo grande influencia na literatura impresa «libertina ou alegre», cultivada por numerosos escritores «na antiguideade e tamén, máis recentemente, desde o século XVI».

Asume que o vocablo 'obsceno', ten unha «etimoloxía dubidosa e significados diferentes segundo a adscrición cultural ou relixiosa da persoa», pero Reigosa ten claro que «o obsceno é fillo da represión cultural e relixiosa exercida sobre os deseños sexuais das persoas e conta cun amplo e moi variado repertorio de manifestacións». Como consecuencia dese carácter clandestino «estes relatos soen ter por obxecto de burla cregos, frades, monxes e, en xeral, a todos aqueles personaxes que representan un poder repressivo», remarca este cofincedor da literatura que se cultiva dun xeito falado e pasou de xeración en xeración.